

COMPOSICIÓN DE TEXTOS 1

Doc. 1

Señor irmán meu: V.I. saberá sen dúbida ningunha con mágoa os sucesos de Aranjuez e as súas resultas (...). Eu non renunciei a prol do meu fillo senón pola forza das circunstancias (....).

Carta de Carlos IV a Napoleón (Marzo 1808)

Doc. 2

No nome de Deus Todopoderoso, don Xosé Bonaparte, pola graza de Deus, rei das Españas e das Indias (...) decretamos a presente Constitución

Art. 1. A relixión católica, apostólica e romana, en España e en todas as posesións españolas, será a relixión do rei e da nación (...)

Art. 61. Haberá Cortes (...) divididas en tres estamentos (...)

Art. 72. Para ser deputado (...) necesítase ser propietario de bens raíces (...)

Art. 96. As Españas e as Indias gobernaranse por un só código de leis civís e criminais.

Art. 97. A orde xudicial será independente nas súas funcións. (...)

Art. 117. O sistema de contribucións será igual en todo o reino (...).

Art. 140. Os servizos e os talentos serán os únicos que proporcionen ascensos.

Estatuto de Bayonne, 6 xullo 1808

Doc. 3

De todos os xeitos, non é menos certo que a invasión dos franceses foi o principio das nosas diferenzas internas e a guerra de independencia unha especie de guerra civil ó mesmo tempo. Ós nobres, a dinastía estranxeira éralles odiosa menos polo nova que polos indicios que daba de reformadora. Do lexislador dun pobo onde todo estaba nivelado pola lei da igualdade debía desconfiar moito o privilexio das clases exclusivas. O berro de guerra na súa boca foi a oposición ó espírito innovador que os ameazaba (...).

Os ilustrados(...) non podían ter, no seu pronunciamento contra o emperador, só a mira de volver ó Estado anterior. Non era posible (...) que gustasen de volver ó antigo despotismo os que o consideraban como unha das causas dos males que os aflixían. O berro de guerra dirixido contra os franceses tiña tamén por branco os excesos, as desordes (...)

Escrito de E. San Miguel (militar e político liberal), 1836

COMPOSICIÓN DE TEXTO 1

O **reinado de Carlos IV** (1788 - 1808) caracterizouse pola **crise económica** (descenso da produción agraria e manufactureira, déficit financeiro...), **demográfica** (epidemias de febre amarela) e **política** (terror dos ministros ilustrados ante os sucesos revolucionarios de Francia; absentismo do rei nos asuntos de Estado e delegación das tomas de decisións no seu favorito, Godoy; continuas guerras que incrementaban os gastos e dificultaban o comercio coas colonias americanas; e constantes **intrigas na corte** protagonizadas polos descontentos co rei e sobre todo con Godoy que se achegaron ó Príncipe de Asturias e conspiraron contra o rei (conspiración de El Escorial, Motín de Aranjuez).

Godoy, moi próximo ós reis (especialmente a raíña María Luísa de Parma), levava a cabo unha custosa **política belicista** que metera a España na Primeira Guerra de Coalición contra a Francia revolucionaria da Convención e, despois, aliándose con Francia (*Tratados de San Ildefonso e Tratado de Fontainebleau*), contra Gran Bretaña (antiga adversaria de España nos mares ó interferir no comercio con América). Estas guerras supuxeron o fin da mariña, un aumento do **déficit orzamentario** (consecuencia do incremento dos gastos militares e descenso dos ingresos procedentes do comercio colonial americano) e un **intento de obter máis ingresos** a través da desamortización dos bens píos da Igrexa, do aumento dos tributos e dun maior endebedamento do reino (emisión de vales reais). Por outra banda, o **desmesurado enriquecemento** persoal de Godoy, tanto económico como en honores, espertaba **desconfianza e malestar contra o valido**.

En 1808, en virtude do asinado por Godoy e Napoleón no *Tratado de Fontainebleau*, o **exército francés entrou en territorio español co pretexto de invadir Portugal** (aliado dos ingleses) e conseguir o illamento de Gran Bretaña. Pero a dispersión do exército napoleónico fixo saltar as alarmas e descubriu a súa verdadeira intención, invadir España. Godoy recomendou ós reis fuxir de Madrid con destino a Andalucía e, se a situación se agravaba, a América. Estando os reis de camiño en Aranjuez estalou o **Motín de Aranjuez**, no que se puxo de manifesto o malestar popular (pola carestía, a escaseza e os abusos das tropas napoleónicas), dos privilexiados (polas políticas levadas a cabo por Carlos III e Carlos IV), e do Príncipe de Asturias e a súa camarilla, o *partido fernandino*, (polo poder acumulado por Godoy e pola familiaridade que os reis mantiñan con el). Ante a gravidade da situación, **Carlos IV** cedeu e **abdicou no seu fillo, Fernando VII**. Calmada a situación, **Carlos IV solicitou a mediación de Napoleón no conflito familiar** [Doc. 1] expoñendo que renunciara ó trono pola tensa situación creada durante o motín [Doc. 1: “saberá... os sucesos de Aranjuez e as súas resultas”] e para evitar un derramamento de sangue [Doc. 1: “eu non renunciei a prol do meu fillo senón pola forza das circunstancias”].

Napoleón intercedeu e chamou ós dous Borbóns a Bayonne (Francia). Na **entrevista de Bayonne**, Napoleón conseguiu a **abdicación de Fernando VII e a cesión de España e das súas colonias por parte de Carlos IV**, coa condición de que se mantivese a integridade do reino e a relixión católica e de que o Emperador garantise o mantemento da familia real e da de Godoy acorde ó seu rango e dignidade. De seguido **Napoleón nomeou rei de España ó seu irmán Xosé Bonaparte**.

A **monarquía de Xosé I** supuxo a **instauración dun réxime baseado nos principios do liberalismo**, pero con certos trazos autoritarios. Xosé I levou a cabo unha serie de medidas para modernizar España e rematar co Antigo Réxime (*Estatuto de Bayonne*, abolición do réxime señorial, desamortizacións, fin dos morgados, etc.), pero estivo supeditado ós intereses do seu irmán, Napoleón I.

O **Estatuto de Bayonne** [Doc. 2], redactado por ilustrados liberais españois seguindo as directrices de Napoleón, é unha carta outorgada na que o rei establece as normas supremas que rexen o Estado:

División de poderes. O **lexislativo** recae en tres órganos consultivos: o Senado e o Consello de Estado, designados polo rei; e as Cortes, divididas en tres estamentos (clero, nobreza e pobo miúdo) e só con competencias fiscais e orzamentarias (Art. 61). O **xudicial**, independente, recae nos tribunais de xustiza (Art. 97). O **executivo** corresponde ó rei e ós seus ministros, e tamén intervéñ no lexislativo.

Igualdade ante a lei (Art.96), **os impostos** (Art. 117) e **o acceso a cargos e dignidades** (Art. 140), que supón o **fin dos privilexios** que caracterizaban o Antigo Réxime.

Confesionalidade do Estado (Art. 1), respectando o pactado con Carlos IV.

Sistema político de **monarquía moderada** (“Xosé I rei das Españas e das Indias”) no que o rei conserva bastante poder: preside o executivo e intervéñ no lexislativo.

Este *Estatuto de Bayonne*, que rompía co pasado (abolición dos privilexios e da tortura, liberdades individuais e de prensa...) pero mantiña algunhas tradicións (o catolicismo, as Cortes estamentais...), nunca foi aplicado xa que no momento da súa promulgación o estado de guerra esixía outras prioridades.

Xosé I, de profundas conviccións ilustradas, contou só co **apoio dos afrancesados**, que vían a posibilidade de modernizar España e de rematar co Antigo Réxime dunha forma ordenada e sen perigo de derivas revolucionarias, por isto colaboraron coa nova monarquía non só na redacción do *Estatuto de Bayonne* senón tamén nas tarefas de goberno. O resto considerábanos un rei ilexítimo e mantido pola forza das armas. O seu reinado coincidiu co convulso período da Guerra da Independencia (1808 – 1814).

A **insurrección popular** iniciouse o **2 de maio de 1808** en Madrid, ante as noticias do acontecido á familia real e os excesos das tropas francesas, e **espallouse** por outras cidades e vilas, que publicaron bandos chamando ó levantamento contra o invasor e constituíron as **Xuntas** para organizar a resistencia. Ó mesmo tempo, formáronse pequenos grupos de xentes armadas, as **guerrillas**, que, contando co coñecemento do terreo e coa colaboración da poboación, desconcertaban e debilitaban ó exército napoleónico coas súas actuacións rápidas e por sorpresa, pero sen presentar batalla en campo aberto. Esta correspondía o exército, que contaba coa colaboración das tropas británicas.

Na **Guerra da Independencia** houbo unha **loita contra os franceses**, pero tamén **enfrentamentos entre distintas actitudes ideolóxicas** [Doc. 3]. Entre os que loitaban contra os invasores franceses, os denominados **patrióticos**, había **absolutistas**, que defendían a situación do Antigo Réxime e temían as reformas que puidese introducir un rei favorable ós principios do liberalismo (división de poderes, igualdade ante a lei, dereitos civís, soberanía nacional, etc.): “ós nobres, a dinastía estranxeira éralles odiosa.... polos indicios que daba de reformadora. Do lexislador dun pobo onde todo estaba nivelado pola lei da igualdade debía desconfiar o privilexio das clases exclusivas.... oposición ó espírito innovador”. Outros, **os ilustrados**, loitaban contra as desordes e abusos cometidos polas tropas: “O berro de guerra dirixido contra os franceses tiña tamén por branco os excesos, as desordes” e defendían a volta dos Borbóns convencidos da posibilidade de continuar coas reformas iniciadas durante o reinado de Carlos III para modernizar o país, pero mantendo a orde e o poder real. Por último, **os liberais** loitaban contra o exército invasor, pero consideraban preciso un radical cambio político que trouxese o liberalismo a España e rematase co Antigo Réxime. Este grupo, no que abundaban xentes urbanas e con formación (avogados, funcionarios, mercadores...), vai ter un papel relevante nas Cortes de Cádiz. E unha minoría, os denominados **afrancesados**, colaborou coa nova monarquía crendo que a través do prestixio e da autoridade dos Bonaparte podían introducirse os cambios que España necesitaba para convertese nun país moderno no plano político, económico e social e desterrar definitivamente o Antigo Réxime, pero evitando procesos revolucionarios (Napoleón puxera fin ós excesos revolucionarios en Francia). Foron estes os que ó rematar a guerra e volver Fernando VII sufriron as maiores represalias. En resumo, durante a guerra enfrontáronse dous modelos políticos liberais: o reformista francés de Xosé I, apoiado polos afrancesados; e o liberal español, defendido polos deputados das Cortes de Cádiz, convocadas pola Xunta Suprema Central (órgano de poder que, en ausencia do rei, asumiu o goberno, baseando a súa lexitimidade na vontade popular) en 1810, que aprobarán a Constitución de 1812.

A **Guerra de Independencia** (1808-1814) tivo tres **fases**. Na primeira (maio-novembro de 1808), o exército francés sufriu derrotas (Bailén) que lle impediron a ocupación de Andalucía e obrigaron a Xosé I a trasladarse a Vitoria. Na segunda (novembro 1808-xullo 1812), a Gran Armada ó mando de Napoleón derrota ás tropas inglesas e faise co control do territorio, só Cádiz e Lisboa quedan libres de ocupación; pero as guerrillas lideradas por Espoz e Mina, o cura Merino, o Empecinado... sorprenden ó exército francés coas súas rápidas e inesperadas actuacións. Na terceira (desde xullo de 1812), a gran ofensiva aliada aproveita a diminución de efectivos militares franceses (desprazados para atender a fronte rusa) e obtén as vitorias de Arapiles, Vitoria e San Marcial. Napoleón recoñecerá, no Tratado de Valençay, a Fernando VII como rei de España.

As consecuencias da guerra foron diversas: demográficas (perda de poboación), económicas (empobrecemento e paralización da débil industrialización), sociais (horrores da violencia vivida), políticas (aceleración do proceso emancipador das colonias, paso do modelo absolutista ó liberal – aínda que de forma temporal xa que coa derrota de Napoleón, Europa e España volverán ó absolutismo–, perda de importancia no concerto internacional, etc.).

